# Colección: Ricardo Carballo Calero con Otero Pedrayo

## Ficha documental da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Ricardo Carballo Calero do 14/06/1958

**Colección:**
**Data:** 14/06/1958
**De:**
Ramón Otero Pedrayo;
**Para:**
Ricardo Carballo Calero;
**Orixe:**
Trasalba (parroquial), Amoeiro (municipal), Ourense (comarcal)
**Destino:**
Lugo (municipal), Lugo (comarcal), Lugo (provincial)
**Ficha descriptiva:**
[carta manuscrita]
**Localización física:**Parlamento Galego
**Temáticas:**
*Amor de perdição*; *Homaxe da Galicia Universal*; Asuntos particulares; Literatura;

Trasalba 14 do San Xohan 58

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e lembrado amigo: Escribolle emocionado querendo contar a fonda de agradecimento galgatoira dende o corazón. No seu estudo eu enxérgome desincarnado, como unha nebolosa no espazo, tratada polos métodos mais perfeitos e novos da óptica crítica. Como si unha exercitada arelanza sostida pola necesidade que ten de obxetivarse a simpatía tivera escollido unha obra de nébroa e agromada, non remanecida en fonte nin froito o seu tempo, pra illar unha entidade estética. Eu alédome pola beleza, o fino senso do ensaio, unha sonata composta con degoiro de esaititude, con virtuosismo de xoven mestre. Vou amodiño entrando por ise xardín da amizade que é o "Homaxe". Eu sin co isto os remorsos, madurecidos, do que non fixen ou fixen mal, cedeu diante a gravidade e fermosura de iste sacrificio senlleiro a Galiza feito a través de min.. Case perecíbome espreitando a serra Madanela como os 15 anos cando chorada co ¡adeus! de "Amor de perdiçao" do Camilo, ou aquilo de Chateaubriand "como si deus quixera por carón do meu berce a virazón do meu destino" falando da tempestade.

¿Gustoulle Trasalba? Ten unha luz occidental que ze aprecisa as cousas con tenrura varonil e barudo de man acariñando unha testa de neno. Infinitas gracias. Saúdos a dona - b.s.p. - e as nenas, e sabe canto o quer e admira

R. Otero Pedrayo

AC 112 1157-3

VER O DOCUMENTO ORIXINAL

Epistolario editado por:

Consello da Cultura Galega

Fundación Otero Pedrayo

Colaboran:

Parlamento de Galicia

Fundación Penzol

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.